

DATA DE
RECEPCIÓN:
07/05/2014

DATA DE
ACEPTACIÓN:
05/06/2014

A Crítica e a Literatura Infantil e Xuvenil
Escrita Contemporánea. Q

Blanca-Ana Roig Rechou (coord.)
Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)
/ Comisión Executiva da Sección da Crítica da AELG
Decembro de 2011, 140 pp.
ISSN 1989-7340



<http://www.aelg.org/resources/publications/1327921997191IXornadaCriticaAELG.pdf>



Ana Belén Moreda Rodríguez

Escola Oficial de Idiomas de Ourense

moreda@edu.xunta.es

O 22 de outubro de 2010 na sede do Consello da Cultura Galega reuniuse un grupo de estudosos e críticos de Literatura Infantil e Xuvenil (en adiante, LIX) para reflexionar sobre a crítica académica e xornalística nesta Literatura e achegar unha visión conxunta e contrastiva dos diferentes ámbitos lingüísticos do marco ibérico. Os debates e reflexións resultantes recolléronse neste monográfico, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, no que tamén se inclúe unha bibliografía para coñecer máis sobre a crítica en Galicia e como foron recensionadas obras galegas que mereceron o Premio da Crítica Española.

A obra ábrese, despois das presentacións institucionais, cunha reflexión da coordinadora, «Dúas periferias: Literatura Infantil e Xuvenil e Crítica Literaria. Unha reivindicación cara á saída delas», na que lembra os primeiros pasos na conformación do sistema literario galego, con especial relevancia para os creadores, a súa transmisión de modelos identitarios propiamente galegos e as problemáticas da sociedade do momento reflectidas nas súas obras, coas que acadaron un lugar destacado en certames e listaxes selectivas nacionais e internacionais. Despois de lembrar que esta Literatura é a que máis vende e a que sostén a industria editorial galega, denuncia a falta de preocupación das autoridades educativas por incorporala aos estudos dos diferentes graos de mestres e ao propio sistema educativo en xeral.

A seguir, recóllense os artigos sobre a crítica no ámbito galego, a «Crítica literaria académica sobre LIX en Galicia» de Isabel Mociño, e «A crítica de libro infantil-xuvenil na prensa. Problemática en letra propia», de Xosé Manuel Eyré. Ambos fan unha panorámica sobre a evolución destes dous tipos de crítica, que no caso da académica salienta polo voluntarismo dos docentes universitarios e lémbrense as variables que inflúen no coñecemento /descoñecemento desta crítica, que asenta fundamentalmente no labor de grupos de investigación, como Celt, LITER21 e colectivos como a Rede temática de investigación LIJMI e as asociacións ANILIJ e ELOS. Da crítica xornalística salientase a súa menor consideración, a pouca preocupación da Administración neste ámbito e a escasa formación e información que docentes, tanto de primaria como de secundaria, teñen neste ámbito.

De modo complementario a estas panorámicas, preséntanse as reflexións dos representantes dos distintos ámbitos lingüísticos do marco ibérico, que inicia o profesor José António Gomes con «Literatura para a infancia e a juventude. Caminhos da crítica em Portugal», quen salienta o innegable progreso da crítica de Literatura Infantil e Xuvenil en Portugal dende inicios dos anos 90 para facer logo un percorrido a través da crítica xornalística e de divulgación nos seus diferentes formatos, da que destaca os novos soportes informáticos, os problemas do seu desenvolvemento e as perspectivas existentes.

Do ámbito vasco, a profesora Mari Jose Olaziregi fai primeiramente unha reflexión sobre o significado do propio concepto «crítica literaria» para logo poñer de relevo o traballo da crítica vasca, as diferentes iniciativas que as asociacións para a promoción da Literatura Infantil e Xuvenil nesta lingua puxeron en marcha, dos premios e dos congresos, así como das diferentes páxinas que xa están presentes en Internet. Destaca tamén a incorporación recente de mozos críticos con formación en Filoloxía Vasca e Literatura Comparada e lembra que foi na década dos 90 e principios do século XXI cando comezou a xerarse un discurso amparado por teses de doutoramento, proxectos de investigación, traballos de fin de máster ou publicacións científicas en libros e revistas.

A seguir, María Victoria Sotomayor fai un percorrido por diferentes estudos que conforman a evolución de «A crítica da literatura infantil e xuvenil en castelán» e pon de relevo a importancia da boa interrelación entre os diferentes sectores implicados na LIX (centros universitarios, de secundaria, fundacións, editoriais, institucións públicas e centros de apoio ao profesorado e bibliotecas) para que o camiño emprendido pola crítica siga adiante, saíndo fóra dos ámbitos nos que xeralmente se engloba e facéndose visible a todo o lectorado posible. Faise tamén



fincapé no desenvolvemento, nos últimos anos, da crítica na web onde xorden de continuo revistas electrónicas especializadas, blogues, foros e redes diferentes.

Por último, reproducéase a intervención de Caterina Valriu quen, en «A crítica do libro infantil e xuvenil en lingua catalá», reflexiona sobre unha serie de cuestións referidas ao traballo particular dos críticos e á crítica literaria en xeral e achega un repertorio das diferentes canles a través das que chega a información sobre a Literatura Infantil e Xuvenil: prensa diaria, revistas, páxinas en liña e blogues, monografías e guías de lectura.

Péchase a primeira parte do volume cun breve artigo de Mar Fernández Vázquez sobre a «Presenza e ausencia da crítica literaria sobre a Literatura Infantil e Xuvenil a través do Informe de Literatura 2009», no que achega datos contrastivos entre a literatura para os máis novos e para adultos, constantando que, malia ser maior o número de obras dirixidas á infancia e xuventude, a atención da crítica académica e xornalística é menor.

Na segunda parte do monográfico, «Reflexións xerais sobre aspectos varios», agrúpanse doce artigos nos que se atende a outros tantos aspectos como a relación da crítica literaria con xéneros como a poesía ou o teatro, coa tradución ou co papel da muller. Estes traballos son os de Eulalia Agrelo Costas, quen incide na escaseza de crítica académica sobre o xénero poético dirixido á infancia e xuventude, pon de relevo algúns estudos concretos e reclama unha formación axeitada para o profesorado; Andrea Álvarez Pino, quen denuncia a falta de profesionais que contén con formación regrada para desenvolver a crítica teatral tendo en conta que o teatro infantil e xuvenil que hoxe se fai en Galicia é unha práctica emerxente á que se lle presta escasa atención; Pilar Bendoiro Mariño, quen demanda unha maior atención crítica ás obras infantís e xuvenís traducidas, para enriquecer o sistema literario, tendo en conta os trasvasamentos lingüísticos pertinentes, os paratextuais ou metodoloxías a empregar; Esther de León Viloría, quen insiste na necesidade dunha convivencia positiva entre a crítica académica e a xornalística xa que as dúas son imprescindíbeis para chegar a Literatura aos seus destinatarios finais; Carmen Ferreira Boo, quen reclama maior actividade crítica ao redor da Literatura Infantil e Xuvenil galega, proponendo novas modalidades como as edicións de crítica xenética que acaen para a produción de autores como Agustín Fernández Paz; Vanessa Ferreira da Silva e Geovana Gentili Santos, que poñen en evidencia, a partir do exemplo da Literatura Infantil e Xuvenil brasileira, o labor das editoras na publicación de «guías de lectura» para difundir e vender determinadas obras dirixidas

ao mundo educativo; Marta Neira Rodríguez, quen salienta a cada vez maior presenza da muller como crítica literaria aínda que este «suxeito» non comparte esa centralidade nos estudos que a teñen como «obxecto»; Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva, que fan unha reflexión sobre o afianzamento da crítica literaria en Portugal e que consideran momentos claves na área dos estudos literarios as décadas dos anos 70 e 80; Carina Rodrigues, quen reflexiona sobre o desenvolvemento da crítica sobre o álbum infantil en Portugal, que está a ser obxecto de estudo en mestrados, doutoramentos, cursos formativos, editoras especializadas e mesmo en varias páxinas de internet; Lourdes Erea Salgado, quen pon énfase na falta de crítica especializada nas traducións á lingua galega; e Isabel Soto López, quen denuncia a falta de visibilidade da crítica tanto xornalística coma académica e a necesidade de que o seu traballo sexa tido en conta polos mediadores para acadar unha óptima colaboración na escolla daquelas obras que mellor sirvan ao público que van dirixidas, aínda que constata unha presenza moi viva da crítica en espazos da rede (blogs de escritores, páxinas de novidades, iniciativas escolares...).

Péchase o volume cunha bibliografía sobre Literatura Infantil e Xuvenil galega no século XXI (2000-2010) na que se pretende recoller aquilo que se considera máis na liña do que se trata no monográfico.

150

En conxunto ofrécese un amplo abano de perspectivas e diferentes olladas sobre a crítica de Literatura Infantil e Xuvenil, que se pode consultar integramente na páxina en liña da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (www.aelg.org) e que de seguro serán útiles para investigadores, estudosos, formadores e mediadores que precisan reforzar o seu coñecemento sobre este tipo de obras, ofrecer lecturas máis apropiadas ao lectorado e lograr crear un bo hábito lector, de xeito que no futuro sexa un público adulto crítico e satisfeito.

